

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña

//ABANCA



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CARBALLO E A ENTIDADE COLABORADORA ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. PARA A INSTRUMENTACIÓN DA AXUDA ECONÓMICA ÁS PERSOAS BENEFICIARIAS DA TARXETA BONO "SEMPRE CARBALLO"

Carballo, 7 de setembro de 2020

REUNIDOS

Dunha banda, D. Evencio Ferrero Rodríguez, en representación do Concello de Carballo, en calidade de Alcalde,
Doutra parte D. José Manuel Vilariño Orgeira con DNI 34883245-Z, Coordinador Institucional en A Coruña, en nome e representación da entidade colaboradora Abanca Corporación Bancaria S.A. con CIF A-70302039 e domicilio social en Rúa Cantón Claudino Pita, nº 2, 15300 Betanzos.

As partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente acordo nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

1. Que o artigo 25 da Lei 7/1985, de bases de réxime local, indica que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e as aspiracións da comunidade de veciños e veciñas.

En sentido similar, recóllese o artigo 80 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia, que sinala, outras competencias nas seguintes materias:

- Abastos, matadoiros, feiras, mercados e defensa de usuarios/as e consumidores/as.
- A prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción sociais.
- A ocupación do tempo libre e o turismo.
- A participación na formación de activos e persoas desempregadas.

Pola súa banda, o artigo 86 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia, inclúe a posibilidade do exercicio, por parte do municipio, de actividades complementarias das propias doutras Administracións públicas e, en concreto, a de ocupación e loita contra o paro.

2. Que o Concello de Carballo, a través da Concellaría de Promoción Económica e Turismo, no contexto de accións estratéxicas locais para facer fronte ás consecuencias ocasionadas pola situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola pandemia COVID-19, impulsa un Plan de reactivación económica local fronte aos efectos derivados da COVID- 19", no que, entre outras actuacións destinadas a apoiar ao sector económico local, dun xeito integral fronte a situación de crise, recóllese o establecemento dunha axuda económica mediante o programa Tarxeta Bono Sempre Carballo, co que se instrumenta a materialización da axuda vinculándoa á adquisición de bens e servizos en Carballo en calquera dos establecementos que se sumen ao programa.

3. Que o Concello de Carballo debe dispoñer dun instrumento que dea soporte á xestión desta axuda que se convoca mediante a aprobación das bases reguladoras correspondentes,

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña

//ABANCA



para a súa concesión a través da Tarxeta Bono Sempre Carballo. Considerando o medio máis idóneo para facela efectiva unha tarxeta prepago que se entregará ás persoas beneficiarias, por este motivo e de acordo co previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, procedeu a seleccionar unha entidade colaboradora con capacidade para emitir e xestionar a entrega de tarxetas prepago.

4. Que a entidade Abanca Corporación Bancaria S.A. está en disposición de ofrecer ao Concello de Carballo unha solución técnica e cumpre cos requirimentos para ser seleccionada como entidade colaboradora na xestión da axuda, a través da denominada Tarxeta Bono Sempre Carballo.

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto do convenio*

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco da colaboración entre as partes asinantes para a instrumentación da axuda económica para os beneficiarios da axuda para o fomento da reactivación económica local no Concello de Carballo.

A instrumentación da axuda económica farase efectiva a través da entrega da denominada Tarxeta Bono Sempre Carballo, unha tarxeta prepago que se cargará dunha soa vez cun total de 30€ e terá unha vixencia comprendida entre o 15 de setembro e o 30 de novembro de 2020.

Esta tarxeta só poderá ser utilizada nos establecementos e/ou para as prestacións ofertadas polas empresas adheridas ao programa Bono Sempre Carballo e que previamente teñan identificando á entidade colaboradora os números de comercio cos que os seus TPV estean identificados no servizo de pagos cunha entidade financeira española.

Segunda. *Operativa da colaboración*

A entidade Abanca Corporación Bancaria S.A. como entidade colaboradora do Concello de Carballo na instrumentación da axuda económica ás persoas beneficiarias da axuda para o fomento da reactivación económica local no Concello de Carballo, obxecto de convocatoria pública a través das correspondentes bases, de acordo co establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, asume a efectividade do pago ás persoas beneficiarias a través da carga da tarxeta correspondente.

A dinámica da colaboración será como se expón a continuación:

O Concello de Carballo remitirá á entidade Abanca Corporación Bancaria S.A. semanalmente un ficheiro coa relación de persoas beneficiarias da axuda de 30 euros coa finalidade de que esta proceda á emisión e carga das tarxetas.

A entidade Abanca Corporación Bancaria S.A., unha vez recibidos estes documentos, dará de alta as tarxetas nos seus sistemas, procederá á súa estampación e xestionará cada unha das tarxetas solicitadas de modo que sexan totalmente independentes entre si, cargando cada tarxeta co saldo indicado polo Concello de Carballo.

Unha vez finalizado o proceso a entidade remitirá as tarxetas directamente aos beneficiarios seus domicilios.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña

//ABANCA



O Concello de Carballo tamén remitirá á entidade Abanca Corporación Bancaria S.A. unha relación de números de comercio dos TPV das empresas adheridas ao programa Bono Sempre Carballo segundo estean identificados no servizo de pagos cunha entidade financeira española.

Terceira. Compromisos das partes

O Concello de Carballo comprométese a:

- Enviar unha relación ou relacións coa petición de emisión de tarxetas na que se indicará:
 - Número de tarxetas que se solicitan
 - Nome e apelidos de cada persoa destinataria final da tarxeta
- Número de teléfono móbil asociado a cada beneficiario de tarxeta solicitada para permitir a súa activación
 - DNI da persoa beneficiaria
 - Domicilio do destinatario da tarxeta
- Librar semanalmente o crédito necesario para realizar a carga inicial das tarxetas, así como o custe de emisión de tarxetas, que ascenderá a 2,5 euros para as 20.000 primeiras tarxetas emitidas. As restantes tarxetas que se emitan, ata un máximo de 25.000 unidades, non terán custe para o Concello de Carballo.
- Facilitar á entidade Abanca Corporación S.A. o formato e contido da carta que se anexa á tarxeta. A información que desexe incluír o Concello terá que axustarse a unha única páxina de papel, na que irá pegada a tarxeta e que ten que reservar tamén un espazo para o nome e enderezo necesarios para o envío postal.
- Facilitar á entidade Abanca Corporación S.A. a relación de números de comercio dos TPV's das empresas adheridas ao programa Bono Sempre Carballo segundo estean identificados no servizo de pagos cunha entidade financeira española.

A entidade Abanca Corporación Bancaria S.A., comprométese a:

- Ter habilitado o procedemento operativo para facer efectiva a axuda ás persoas beneficiarias na segunda quincena de setembro de 2020.
- Levar a cabo a estampaxe, gravación e en xeral todos os procesos necesarios para a xestión das tarxetas, que terán as características detalladas na cláusula 4.
- Desenvolver unha aplicación de xestión da tarxeta, personalizar os soportes, deseñar a tarxeta, homologala e proporcionar soporte técnico.
- Emitir, nun prazo máximo de 7 días hábiles dende a recepción da solicitude do Concello de Carballo, as tarxetas prepago que este indique en cada momento. As tarxetas enviaranse aos enderezos facilitados polo Concello, de forma individual, pegadas nun soporte físico no que se incluírá información para a súa activación e utilización, xunto con aqueloutra información que considere oportuna o Concello de Carballo conforme ao especificado neste mesmo apartado.
- Facilitar ao Concello de Carballo un ficheiro de resposta ás solicitudes de emisión habilitado de xeito que se permita a identificación e xestión independente de cada solicitante.
- Cargar os fondos entregados polo Concello de Carballo na tarxeta nun prazo máximo de dous días hábiles desde que se lle realiza a transferencia deles.
- Comunicar ao Concello de Carballo, a través do correspondente ficheiro de resposta e con carácter mensual, a efectividade das cargas solicitadas ou as incidencias que se tiveran producido.
- Remitir con carácter mensual un informe sobre o estado de gasto das tarxetas,

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña

//ABANCA



identificando aos titulares das mesmas. Dito informe comprenderá única e exclusivamente o saldo que presente cada unha das tarxetas, non incluíndo en ningún caso os datos concretos dos gastos que os beneficiarios realizaran coas tarxetas.

- Enviar, unha vez finalizado o período de validez das tarxetas, na medida en que sexa posible, un informe que identifique a ubicación e o tipo de establecemento onde se estivo a efectuar o consumo do saldo, sempre que esta información a proporcione a entidade financeira que adquira as operacións orixinadas nos establecementos e a facilite no proceso de intercambio ao emisor das tarxetas. Dito informe comprenderá única e exclusivamente información agregada e, polo tanto, anonimizada relativa ao consumo do saldo global das tarxetas. A estes efectos, ABANCA emitirá o informe sempre que sexa posible a anonimización dos datos segundo o alcance e volume da información da que dispoña.
- Cumprir cos requisitos e obrigas impostas pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, particularmente co disposto nos artigos 10 e 12, así como polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Cuarta. Características e deseño da tarxeta

1. A tarxeta emitida por Abanca Corporación Bancaria S.A. ao abeiro deste convenio terá as seguintes **características**:

- Será una tarxeta prepago cuxa titularidade corresponderá ao Concello de Carballo.
- Emitirase con carácter nominativo, e coa vixencia máxima do 30 de novembro de 2020, non sendo renovable ao seu vencemento.
- Poderá ser utilizada en calquera establecemento adherido ao programa Bono Sempre Carballo que empregue a tarxeta encadrado baixo os sectores de actividade e categorías comerciais de medios de pago correspondentes aos establecementos citados na cláusula primeira, non admitíndose a operatoria en contornas off line ou en sectores alleos aos anteriormente mencionados. As limitacións ao uso circunscríbense exclusivamente a permitir a súa utilización como medio de pago nos establecementos que, admitindo o pago con tarxetas financeiras, pertencen ou estean encadrados nos sistemas de medios de pago definidos baixo os devanditos sectores de actividade mencionados.
- A tarxeta non poderá ser utilizada en caixeiros automáticos nin permitirá a disposición de efectivo en oficinas.

2. Deseño da tarxeta

O deseño do tarxeta será o que indique o Concello de Carballo, que en todo caso se axustará ás normas que para este tipo de tarxetas teñan establecidas tanto a entidade bancaria como os sistemas de medios de pago asociados, axustándose aos estándares das tarxetas financeiras en canto a dimensións, materiais, localización e características da banda magnética, chip cando proceda e outros condicionantes definidos polas Redes e Organizacións de tarxetas financeiras, e de acordo coa imaxe corporativa do Concello de Carballo.

Quinta. Operativa da tarxeta

1. Activación

A activación da tarxeta realizarase de forma individualizada e será a persoa beneficiaria quen a solicitará, a través dunha web desenvolvida pola entidade colaboradora, seguindo as instrucións que se enviarán coa propia tarxeta.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña

//ABANCA



A entidade Abanca Corporación Bancaria S.A., ao recibir a petición de activación, contestará cun SMS, avisando á persoa usuaria da activación da tarxeta, do seu PIN e do seu saldo.

2. Consultas do saldo

As persoas usuarias das tarxetas coñecerán o seu saldo a través dos seguintes medios:

- Na web www.damemisaldo.com
- Nos caixeiros da entidade colaboradora

3. Baixa das tarxetas

A entidade Abanca Corporación Bancaria S.A. procederá a dar de baixa as tarxetas cando así llo indique o Concello de Carballo ou cando se alcance a data de caducidade establecida polo Concello ao solicitar as tarxetas e que, polo tanto, se fixera constar nas propias tarxetas. Dita data de caducidade non poderá ser modificada.

4. Tarxetas perdidas ou roubadas

O Concello de Carballo comunicará á entidade Abanca Corporación Bancaria S.A. as perdas ou roubos das tarxetas das que teña constancia e esta última consultará o saldo dispoñible, daraas de baixa ou no seu caso bloquearaas e dará de alta unha nova co saldo dispoñible que tiña a tarxeta orixinal á maior brevidade.

5. Reembolso do saldo dispoñible

Unha vez alcanzada a data de caducidade das tarxetas, ou antes se o Concello de Carballo solicita bloquealas ou dalas de baixa, a entidade Abanca Corporación Bancaria S.A., comunicará o saldo dispoñible de cada tarxeta e realizará o ingreso, se é o caso, no número de conta que lle indique o Concello de Carballo.

Sexta. Protección de datos

1.- As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); coa Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais; e demais disposicións vixentes sobre a materia.

Os datos carácter persoal dos que sexa destinataria o Concello de Carballo na tramitación deste convenio, serán tratados pola mesma coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

2.- O Concello de Carballo cederá a Abanca Corporación Bancaria S.A. os datos persoais das persoas que resulten beneficiarias da axuda para o fomento da reactivación económica local de conformidade co estipulado no parágrafo anterior e garante de forma expresa:

- a. Que os únicos datos de carácter persoal que comunicará a Abanca Corporación Bancaria S.A. serán os de nome, apelidos, enderezo e o número de teléfono móbil de cada unha das persoas a cuxo favor se solicite a emisión da tarxeta.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña

//ABANCA



b. Que unicamente efectuará a dita comunicación de datos de carácter persoal á entidade mediando a previa, expresa e inequívoca autorización de cada unha das persoas titulares de tales datos.

c. Que a mencionada autorización para a comunicación dos datos á entidade constará por escrito.

d. Que as autorizacións solicitadas polo Concello de Carballo segundo o previamente estipulado, serán debidamente arquivadas e custodiadas e se atoparán en todo momento a disposición da entidade.

3.- O Concello de Carballo, como responsable do tratamento dos datos, obrígase a informar de forma expresa e por escrito aos beneficiarios das tarxetas dando cumprimento ao esixido polo artigo 13 do Regulamento xeral de protección de datos, incluíndo polo tanto a información sobre as finalidades para as que o Concello cederá os datos a Abanca Corporación Bancaria, S.A. (é dicir: emitir, estampar e gravar as tarxetas, envialas aos beneficiarios e realizar cantos procesos e operacións sexan precisos para a activación e xestión das tarxetas, así como para a tramitación das operacións de pagamento realizadas a través das mesmas). Así mesmo, o Concello de Carballo informará de forma expresa e por escrito aos beneficiarios das tarxetas de que poderán exercer fronte Abanca Corporación Bancaria, S.A. os seus dereitos en materia de protección de datos nas seguintes direccións: Servizo de Atención ao Cliente de Abanca, en C/Rúa Nueva 1, Entreplanta, 15.003, A Coruña; ou a través do correo atencioncliente@abanca.com; e de que poderán consultar a información completa sobre o tratamento dos seus datos por esta entidade na súa política de privacidade publicada na web: <https://www.abanca.com/es/legal/politica-privacidad/>

Sétima. Comisión de seguimento e control

Constitúese unha comisión mixta para o seguimento e control deste convenio, á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do seu desenvolvemento e non recollidas nel, e con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

Compoñen esta comisión:

Polo Concello de Carballo :

-O Concelleiro de Promoción Económica e Turismo do Concello de Carballo, que exercerá a presidencia.

-A Técnica de Promoción Económica ou persoa que a supla, que actuará como vogal e como secretaria.

Por Abanca Corporación Bancaria S.A.:

-Dúas persoas designadas libremente polo órgano competente da entidade, que actuarán como vogais.

Esta comisión entenderase constituída cando comparezan, presentes ou representadas, as persoas membros, as cales, segundo os asuntos que se vaian tratar, poderán facerse acompañar por outras persoas que puidesen ser especialistas e asesorar a cada unha das partes na resolución adecuada de cada asunto. Estas últimas non terán capacidade de voto.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña

//ABANCA



As funcións desta comisión serán interpretar o convenio, seguir a súa execución, resolver sobre cuestións non previstas e en definitiva velar pola súa aplicación.

As reunións terán lugar cando as persoas membros da comisión de seguimento o decidan.

Das reunións levantarase actas pola persoa que actúe como secretaria e que será designada na primeira das reunións celebradas pola Comisión de Seguimento. As actas serán asinadas polas catro persoas membros.

Os acordos da comisión de seguimento e control deberán ser adoptados por unanimidade.

Está Comisión actuará segundo o previsto no Capítulo II do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Oitava. Réxime xurídico

A este convenio seralle aplicable o réxime xurídico previsto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, concibíndose como un convenio de carácter administrativo que se rexe polas súas cláusulas e, no seu defecto, aplicaráselles os principios establecidos na norma reguladora de contratos do sector público, para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar. Así mesmo, seranlle de aplicación as previsións da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia respecto das entidades colaboradoras na xestión de subvencións públicas.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas polo Concello de Carballo poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou directamente, no prazo de dous meses, ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Novena. Publicidade

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno as persoas asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos relacionados co obxecto do convenio poidan ser publicados no Portal de Transparencia e o Concello de Carballo remitirá os datos necesarios para a publicidade do acordo nos rexistros públicos e informará na súa páxina web oficial da subscripción cos seguintes datos básicos: identificación das partes, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do acordo leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Así mesmo, as entidades asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ao acordo asinado que será obxecto de publicación e inscrición no rexistro público de convenios do Concello de Carballo.

Décima. Compensación económica e constitución de garantías

O custe económico de cada tarxeta emitida por Abanca Corporación Bancaria S.A. será de 2,5 euros para as 20.000 primeiras tarxetas emitidas. As restantes tarxetas que se emitan,

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO
A Coruña

//ABANCA



ata un máximo de 25.000 unidades, non terán custe para o Concello de Carballo.

Décimo primeira. Resolución do convenio

Darán lugar á resolución do presente convenio :

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décimo segunda. Efectos incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgunha das partes asinantes

En caso de que algunha das partes incumprira as obrigas e compromisos asumidos coa sinatura deste convenio estarase ao establecido no artigo 51.2.c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Décimo terceira. Vixencia do convenio

O presente acordo entrará en vigor o día da súa sinatura e os seus efectos estenderanse ata o 31 de decembro de 2020.

En proba de conformidade con canto antecede, as partes que interveñen asinan dous exemplares do presente acordo, no lugar e data arriba indicados.

O Alcalde do Concello de Carballo
Evencio Ferrero Rodríguez

O representante de Abanca Corporación Bancaria S.A.
José Manuel Vilariño Orgeira